

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE SETEMBRO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Adolfo Fernández Fernández

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Pérez Rodríguez, Francisco J.

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Crespo Nogueira, Alba

Lozano Ramírez, A. Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpa ausencia

PDI

López Díaz, María

Rodríguez Teijeiro, Domingo

A xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o luns 14 de setembro de 2020, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020 e da sesión extraordinaria do 4 de setembro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, das modificacións dos horarios de 1º 2º curso de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021.
4. Aprobación, se procede, das modificacións no calendario de exames de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021.
5. Debate e aprobación, se procede, do sistema de impartición da docencia en cada un dos cursos do Grao en Xeografía e Historia.
6. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020 e da sesión extraordinaria do 4 de setembro de 2020.

Detectouse un erro no punto 1 da convocatoria orde do día, onde di “da sesión extraordinaria do 14 de setembro” debe dicir “acta da sesión ordinaria do 4 de setembro”. Realizada esta aclaración, apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Comeza a decana dando a benvida a Francisco J. Pérez Rodríguez, que despois de dous anos desenvolvendo o seu traballo no CSIC, incorpórase de novo a súa actividade docente e investigadora na Facultade de Historia.

En relación á nova planificación motivada pola Covid-19, informa de que ao inicio de curso se realizarán probas PCR ao PDI e PAS . Realiza unha lectura rápida do protocolo relacionado con estas probas. O documento detallado está xa publicado na páxina web, en redes sociais e remitiuse á lista de profesorado. Haberá no centro dúas persoas responsables unha dela será ela mesma e outra a profesora Beatriz Vaquero, á quen lle solicitou persoalmente a súa axuda, dado que considera positivo que sexan dúas as persoas responsables. Calquera anomalía poderá consultarse a ambas, posto que elas estarán sempre en contacto. A limpeza das aulas realizarase de xeito periódico, non haberá envoltorio plástico no teclado para evitar producir residuos, incídese na limpeza de mans. Si o haberá nos laboratorios de informática.

En relación coa plataforma da docencia, haberá un cambio de Faitic pasarase a Moovi, plataforma na que hai que volver a darse de alta e importar as materias unha a unha. Explica brevemente como se ten que realizar o procedemento que semella bastante sinxelo.

Intervén a profesora Beatriz Vaquero, para explicar que cando se cargan as guías na plataforma e se comeza a preparar cursos en Faitic, a plataforma de Xescampus toma os datos do POD, o que en ocasións produce problemas dado que pode provocar que nas guías o profesorado sexa o que figuraba no programa Xescampus , deste xeito, quizais en Faitic poida haber erros na asignación de materias. A nivel práctico, solicita que todo o profesorado revise en Faitic e nas guías docentes a información que se proporciona. De detectarse problemas, haberá que comunicarllo a ela, quen o notificará a Vigo. De momento non ten acceso a toda a información en calidade de coordinadora. Descoñece si na nova plataforma Moovi se poderá acceder con ese rol a toda a información.

En relación ao Campus Integra, a presidenta indica que a idea que se transmitiu é a de que todo o profesorado debe estar presencialmente no campus, aínda que haxa materias que non se impartan de xeito presencial. Así mesmo as titorías virtuais deberán ser desde o despacho do campus. Con isto preténdese que o profesorado acuda ao seu posto de traballo, tendo presente que se aplicarán as medias de seguridade.

Respecto á docencia indica que está proxectado que 5 aulas da facultade estean preparadas para a docencia mixta, cos equipamentos tecnolóxicos propios do Campus Integra, en concreto serán as aulas 0.5, 0.6, 0.7, 0.9 e 2.1.

O funcionamento non semella complicado. Haberá unha cámara no teito, que poderá ter distintos enfoques: global, encerado e pantalla da presentación.. Enriba da mesa haberá un soporte con forma de seta que conterá o micrófono e os auriculares. Unha parte do alumnado estará presencialmente na aula e outro seguirá a docencia a través da aula remota. Unha vez estean todos os elementos instalados, haberá que realizar as probas oportunas primeiro ela persoalmente e despois co resto do profesorado.

Desde os servizos centrais se subvencionarán uns equipamentos mínimos coma por exemplo unhas cámaras Logitech, que son válidas se das a clase sentado pero si te moves o ángulo de captación de imaxe impediría enfocar á encerado. Estase negociando que se subvencione parte da instalación a Vicerreitoría de Planificación. O orzamento total é de aproximadamente 5000 euros.

Sobre a declaración de persoa vulnerable, será o Servizo de Prevención quen o determine. Nesa situación permitirase que as persoas dean as clases desde o seu despacho da universidade. Recoméndase que se instale a aplicación Radar Covid do Ministerio de Asuntos Económicos y Transferencia Digital, así como aplicación Passcovid da Xunta de Galicia. Para o control nas aulas haberá un código QR en cada posto que permitirá coñecer que persoas están dentro da aula. No grupo de decanos considerouse tamén a posibilidade de poder usar ese código QR tamén como control de asistencia en lugar de asinar papeis do control horario. Haberá axudas á conexión de internet para aquelas persoas que non teñan datos ou equipo informático. Desde o centro actualizáronse todos os ordenadores das aulas, e houbo que mercar dous ordenadores fixos. En outros tres ordenadores realizáronse melloras coa compra dun disco sólido. Deste xeito todos poden soportar os requisitos das Aulas Integra. Mercáronse catro portátiles para repostos en caso de necesidade.

En relación aos datos de matrícula, o número é altamente satisfactorio. En primeira matrícula hai 60 - 61 persoas. O Grao en Xeografía e Historia pechouse xa no primeiro chamamento o que é un segundo motivo de satisfacción. No PCEO Turismo – Xeografía e Historia, hai 9 persoas matriculadas, á espera da convocatoria das Probas de Acceso á Universidade do mes de setembro. En resumo os datos de matrícula de alumnado de novo acceso son elevados e moi satisfactorios.

Pide a palabra Fermín Pérez, coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio. Indica que na convocatoria de xuño houbo 6 matriculados. En agosto realizouse unha campaña de captación, e nestes momentos hai 24 solicitudes para 14 prazas. As previsións son de que se cubra a matrícula. O alumnado definitivo pode moverse no intervalo 20 – 22 persoas. Do total de persoas preinscristas 3 son propios e o resto doutras universidades nacionais e estranxeiras. En concreto hai 4 procedentes de

Suramérica e por primeira vez unha persoa de China. Por titulacións destaca a presenza de 4 arquitectos.

Susana Reboreda, en calidade de coordinadora tamén do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade informa de que hai dúas persoas matriculadas pola Universidade de Vigo, pola USC hai 21. As previsións son de que na Universidade de Santiago haberá problemas de espazo o que obrigará a que as materias obrigatorias sexan con sistema mixto, as optativas serán presenciais.

3. Aprobación, se procede, das modificacións dos horarios de 1º, 2º, e 3º curso de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021.

Comeza a decana explicando que a realización dos horarios foi este curso moi complicada. A docencia mixta supón que as clases practicas non poidan estar intercalados coas teóricas porque si un/unha estudante está na casa non pode estar aos cinco minutos na facultade para a realización das prácticas presenciais. Ata o de agora normalmente as dúas clases prácticas estaban intercaladas entre as clases teóricas e a hora era compartida entre dous grupos. Houbo que facer un reaxuste de xeito que o alumnado teña as prácticas o máis agrupadas posibles. A toda esta problemática houbo que engadirlle a xestión dun PCEO que ten todas as materias mesturadas en cursos diferentes. Tentouse tamén que non quedaran moitos ocos baleiros para optimizar os horarios e os tempos do alumnado pero non sempre foi posible. A organización das clases prácticas será competencia de cada docente, pero recoméndase certa flexibilidade.

Detectáronse diferentes problemas respecto ao acordado coa docencia ao remate do curso anterior. Por exemplo en primeiro haberá que facer tres quendas e non dúas como estaba inicialmente previsto. A día 2 de setembro realizouse outra medición e na aula 0.9 entran 20 persoas cando os números antes indicaban que entrarían 24. O tamaño das aulas limita enormemente a organización da docencia. Primeiro curso terá tres grupos presenciais de teoría e haberá, en función da materia, dous ou tres grupos de prácticas. A toda esta problemática a maiores hai que engadir aos repetidores e a singularidade do PCEO.

Despois da remisión do borrador dos horarios houbo que realizar pequenos axustes. A profesora Elena de Uña solicitou uns cambios aos que a decana non lle ve inconvinte. Aclara que en relación as saídas de Estudos, os autobuses manteñen a súa capacidade.

Antonio Presedo, pide a palabra, considera que poderá haber problemas co alumnado en terceiro. A decana aconsella que se trate ese concreto no punto correspondente da orde do día.

A profesora Beatriz Vaquero, explica que solicitou un cambio en Paleografía que quedou pola mañá a última hora pero que ela considera que sería mellor pola tarde pensando no alumnado semipresencial que ten máis posibilidade de conectarse de tarde. Susana Reboreda comenta que esa materia pasou a horario de mañá por problemas de compatibilidade entre docencia presencial e virtual.

Aclara a decana que o grupo de prácticas que nos horarios se denomina non presencial, refírese aos que están na casa, pero para nesa práctica acudirán a aula.

Apróbanse por asentimento os horarios.

Para finalizar, informa de que a universidade proporcionará máscaras de tela serigrafiadas a todos o PDI, PAS e ao alumnado. Pensouse tamén na posibilidade de entregarlle ao alumnado de novo ingreso unha máscara da facultade. A secretaria Josefina Cadilla considera que se debe entregar dado que a universidade unicamente proporcionará unha que haberá que lavar de xeito que coa que lle proporcione a facultade o alumnado poderá ter sempre unha máscara de reposto.

4. Aprobación, se procede, das modificacións no calendario de exames de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021.

Apróbase por asentimento.

5. Debate e aprobación, se procede, do sistema de impartición da docencia en cada un dos cursos do Grao en Xeografía e Historia.

Dada a complexidade do asunto a tratar a presidenta solicita a colaboración de todas as persoas presentes para a tomas de decisións en relación á impartición da docencia.

En xeral, tendo en conta o número de matrícula e a capacidade das aulas que está moi limitada pola distancia de seguridade, o equipo decanal propón docencia síncrona. A proposta é recomendar aos repetidores/as que non asistan a clase presencial, polo menos en 1º. Aclara que non se lles pode impedir, pero a recomendación será que sigan a docencia por remoto ou por clases gravadas. Deste xeito podería empregarse o número de alumnado de nova matrícula como número base para facer o reparto de grupos.

Interveñen Elena de Uña e Beatriz Comendador para dar a súa opinión. Conclúese que é un tema moi complexo dado que estamos moi condicionados pola capacidade das aulas. Fermín Pérez considera que se o profesorado de primeiro grava as clases non se coarta ningún dereito. Beatriz Vaquero aclara que os repetidores teñen os mesmos dereitos que os alumnos de primeira matrícula, co cal non habería nada que discutir. Susana Reboreda aclara que

todos impartirán docencia na aula síncrona, considera que hai que ver si se permite o acceso síncrono e en función diso xa se lles podería pedir aos repetidores que non veñan e que acudan á aula síncrona. Despois do intercambio de opinións, conclúese que para as clases teóricas e para as clases prácticas da aula recomendarase ao alumnado repetidor que asista de xeito virtual, no caso de que asistan se lles outorgará un posto na quenda correspondente. Recomenda tamén a todo o profesorado que grave as clases nas aulas remotas.

Volve intervir Beatriz Vaquero para indicar que persoalmente non lle apetece quedar gravada coa máscara FFP2. A decana, asinte e explica que quen desexe realizar unha gravación pode facelo no momento de realizar a clase ou ben noutro momento sen máscara.

Susana Reboreda incide en que estas recomendacións realízense porque nos tres primeiros cursos non se poden facer grupos por materias, por iso se propoñen estes consellos aos repetidores que eles evidentemente poden escoller ou non.

Conclúese que hai que transmitir ao alumnado, que o espazo é moi pequeno o que obriga a facer esta planificación, en primeiro curso hai 61 persoas matriculadas en primeira matrícula, 8 solicitaron semipresencialidade, hai 9 alumnos do PCEO. Se contamos as matrículas de repetidores/as hai un total de 91 é moi difícil facer quedas limitadas a un ratio de 20 alumnos. Trátase dunha proposta aberta a debater entre todas as persoas implicadas.

Apróbase por asentimento.

Sobre esta base de 60 alumnos/as en **primeiro curso**, proponse organizar 3 quendas de 20 prazas: A, B, C. Cada semana haberá nas clases teóricas un grupo presencial e dous grupos non presenciais. En función do número de grupos, as prácticas serán ou non presenciais.

Primeira semana Grupo A ás teóricas e á práctica. No caso de dous grupos de prácticas, asistiría o Grupo B. No caso de tres grupos, tamén asistiría o C.

Segunda semana, Grupo B ás teórica e a práctica. No caso de dous grupos de prácticas, asistiría o Grupo C. No caso de tres grupos, tamén asistiría o A.

Terceira semana, Grupo C ás teóricas e a práctica. No caso de dous grupos de prácticas, asistiría o Grupo A. No caso de tres grupos, tamén asistiría o B.

Beatriz Comendador, indica que posto que haberá grupos de prácticas podería chamarse Quenda aos grupos de teoría e Grupo aos de prácticas, esta diferenza, por ser mais clara, xa se adopta nesta acta.

Segundo curso. Alumnado novo: 34, xuntando todos habería 60 persoas, nestes momentos hai catro solicitudes de semipresencialidade. No PCEO hai 8 persoas. A aula de segundo curso é de 12 postos para conseguir manter a distancia de seguridade. Sobre a base de 38 alumnos, considerando que os repetidores poderían seguir as clases desde a súa casa, os grupos poderían quedar en tres, de 13, 13, e 12. Habería que empregar unha cadeira pala.

Outra opción é ter a alumnado noutra aula que hai libre e que estiveran uns presencialmente e outros en aula pero sen docencia presencial se non síncrona.

Acórdase en principio funcionar con un aula para que o alumnado non teña que desprazarse e empregar o mesmo procedemento que en primeiro

Terceiro de Grao. Alumnado novo matriculado, 23 persoas. Alumnado repetidor, 49 persoas. No PCEO contamos con 7 persoas, pero en terceiro non inflúe o alumnado matriculado no PCEO.

Polo sistema que estamos seguindo serían dúas quendas en terceiro curso , é dicir quenda A e B.

Cuarto curso. Neste caso o número de matriculados por materias supera a 15 persoas. A capacidade da aula 2.1 é de 15.

Terase que estudar a realización de quendas materia a materia, porque os números son diferentes e tamén as materias que escolle cada alumno/a.

As materias de cuarto que podería ser presenciais serían “Historia das relixións”, “Xeografía de Galicia” e “Historia Moderna de Galicia”.

Intervén Alba Crespo, representante do alumnado de 4º, para indicar que hai persoas que desexan ser semipresenciais ou ben non ter que asistir a clase.

Susana Reboreda conclúe dicindo que haberá que determinar o sistema mellor para organizar a docencia e que haberá que realizar axustes. Para unha mellor organización das quendas sería convinte que os/as repetidores/as confirmen a súa asistencia, así como o resto manifeste se non van a asistir. Pídese a colaboración cos delegados de curso para contactar con todas as persoas.

Beatriz Comendador pregunta polo estado dos equipamentos nas aulas. A decana informa de que, salvo imprevistos, estarán todas equipadas para o luns día 21 de setembro. Cando estea un aula operativa avisarase para ensinar a todo o profesorado que o desexe o funcionamento. Haberá xel en todas. Desinfectantes e papel na mesa de docente, e papeleiras con pedal.

Está pendente de nomear os titores do PAT de cada curso. Despois de varias intervencións, propónse para primeiro curso Xosé Ramón Campos, en segundo curso Beatriz Vaquero, en terceiro curso Susana Reboreda e en cuarto curso Francisco J. Pérez Rodríguez. Queda pendente de aprobar para a próxima Xunta porque non estaba na orde do día da convocatoria

6. Rolda de intervencións.

A decana, explica que o acto de benvida ao novo alumnado será o día 17 de setembro, na Sala Emilia Pardo Bazán (Aula Multiusos). As persoas que desexen asistir deberán comunicalo para organizar o acto coas medidas da distancia de seguridade. A capacidade da aula é de 45 persoas, de momento hai 43 inscricións. O profesorado que desexe asistir poderá estar de pé. Participará a delegación de alumnado, e mantense a actividade co Gabinete Psicopedagóxico. Xa se lles enviou un correo electrónico ao novo alumnado de primeiro curso para darlles a benvida e comunicarlles instrucións relativas ao inicio do curso.

Intervén Xosé Ramón Campos para comentarlle á Beatriz Comendador que en principio a saída de estudos de Historia de América non se fará debido á crise sanitaria. No suposto de que se manteña tentarase buscar unha alternativa. Susana Reboreda explica que en principio non había grandes contradicións porque estaban implicados alumnado de primeiro e de cuarto curso, aínda así entende perfectamente a cautela de Xosé Ramón por ser unha viaxe moi longa e de varios días.

Fermín Pérez indica que en principio a saída de Arqueoloxía que foi posposta pola pandemia será os días 16, 17 e 18 de abril.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.20 h do día 14 de setembro de 2020, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba